

**ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTENOVE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTEDOUS**

<p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b> D/D<sup>a</sup>MARIAN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELEIROS/AS:</u></b> D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>SR. INTERVENTOR ACCTA.:</u></b> D/D<sup>a</sup> PABLO FREIJOMIL OJEA</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b> D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p>	<p>Na casa do Concello de Narón, ás 13:40 do vintenove de setembro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA, MARIAN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en <b>segunda convocatoria</b>. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p>
--	--

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR**

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

**2 .- DAR CONTA DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE, PARA O FUNCIONAMENTO E GRATUIDADE DA ATENCIÓN EDUCATIVA DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS PARA O CURSO 2022-2023.-** Vista a proposta formulada que di así:

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

*“ASUNTO: Solicitud de axudas á Consellería de Política Social e Xuventude, para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia, de titularidade municipal para o curso 2022/23*

*A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal, Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:*

**ANTECEDENTES:**

*A Consellería de Política Social e Xuventude no DOG nº 147 de 03/08/2022 publica a orde de 22 de xullo de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención a infancia de titularidade municipal no curso 2022/23, con dúas liñas de financiamento:*

*1ª liña de axuda para gastos de mantemento ( período subvencionable entre 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de agosto de 2023) , e 2ª liña destinada a compensar os centros pola bonificación do 100% do prezo correspondente a atención educativa e da matrícula. O período subvencionable comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de agosto de 2022 polas prazas ocupadas por segundos fillos/as e sucesivos e entre o 1 de setembro de 2022 ao 31 de agosto de 2023 pola totalidade do alumnado para aqueles concellos que apliquen a dita bonificación.*

*O procedemento de tramitación desta subvención tramítase mediante o réxime de concorrencia non competitiva por non ser necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, de acordo co previsto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, adáptase ao disposto na dita lei, así como ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e demais normativa de desenvolvemento; á Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; así como ao disposto no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas. Téñense en conta en todo caso os principios de: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación e*

eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Co obxecto de proceder ao cálculo e así poder solicitar as dúas liñas subvencionables según a orde, débese ter en conta:

- Liña 1 axudas para gastos de mantemento ( persoal, alimentación e outros gastos xerais do centro). Según o artigo 4.2. “ o número de unidades da escola infantil autorizadas que estén en funcionamento na data que remata o prazo de presentación de solicitudes según o módulo establecido na orde”, así mesmo o artigo 3 “ no caso de as escolas infantís cunha apertura de 14 horas ou superior a axuda por módulo incrementárase nun 25%”

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	NÚMERO DE UNIDADES POR E.I.M	DE POR	CONTIA TOTAL POR UNIDADE EN FUNCIONAMENTO	IMPORTE MÓDULO	SEGÚN
Solaina	6		7.000,00€	42.000,00€	
Piñeiros	6		7.000,00€	42.000,00€	
A Gándara	6		7.000,00€	42.000,00€	
Total				126.000,00€	

-Liña 2 destinada a compensar estes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula, de ser o caso, dos nenos/as que asisten á escola infantil.

A) Bonificación dos segundos/as irmans e sucesivos que asistiron a escola infantil 0-3 desde o 1 de xaneiro ao 31 de agosto de 2022.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	Nº DE NENOS/AS SEGUNDOS/AS IRMÁS	IMPORTE QUE LLES CORRESPONDERÍA ABOAR
Solaina	29	18.696,38€
Piñeiros	32	21.869,60€
A Gándara	31	18.242,80€
Total	92	58.808,78€

B) Bonificación dos nenos matriculados na escola infantil 0-3 para o curso 2022-2023:

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL	Nº DE NENOS/AS MATRICULADOS/AS NO MES DE SETEMBRO	IMPORTE QUE LLES CORRESPONDERÍA ABOAR NO MES DE SETEMBRO
Solaina	69	3.592,79€
Piñeiros	75	3.336,20€
A Gándara	64	4787,83€
Total	208	11.716,82€

O importe estimativo a aboar por un período de 11 meses ascendería a: 128.885,02€

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aprobar a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente; Pola forma da tramitación por parte da Consellería de Política Social e Xuventude (concorrenza non competitiva).

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índoles técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedemento (...).

En aplicación do anterior, corresponde a Alcaldesa a avocación da delegación para a aprobación da solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local

-Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións

-Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

-Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local

-Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.



- Lei 39/2015 de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.  
- Ley 40/2015, de 1 de octubre de Régime Xurídico das Administracións Públicas.  
- Orde de 22 de xullo de 2022 da Consellería de Política Social e Xuventude. Publicada no DOG nº 147 de 3 de agosto de 2022.

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, PROPON A ALCALDÍA QUE RESOLVA

1º.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para Solicitar a subvención á Consellería de Política Social e Xuventude, para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia, de titularidade municipal para o curso 2022/23.

2º.- Aprobar a solicitude de subvención á Consellería de Política Social e Xuventude, para o funcionamento e gratuidade da atención educativa das escolas infantís 0-3 e puntos de atención a infancia de titularidade municipal no curso 2022/23, con dúas liñas de financiamento:

Importe total dos dous programas :	Anualidade 2022	Anualidade 2023	Total
Liña 1 axudas para gastos de funcionamento	75.600,00	50.400,00	126.000,00
Liña 2 destinada a compensar estes centros pola aplicación dunha bonificación do 100 % do prezo correspondente á atención educativa e da matrícula	105.676,06	82.017,74	187.693,80
Achega municipal	0,00	0,00	0,00
Subvención solicitada á Consellería de Política Social e Xuventude	181.276,06	132.417,74	313.693,80

3º.- O importe da subvención en caso de ser concedido por debaixo da cantidade solicitada, non suporá a renuncia á subvención, e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230 22799

4º.- Nomear a Dona Marian Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Política Social e Xuventude no refente a esta solicitude de subvención.

5º.- Dar conta da resolución á Xunta de Goberno Local.”

E unha vez intervido coa toma de razón pola Intervención municipal en data 23/09/2022, documento de intervención( ICO16I0BU), o documento(SSO16I21E) do expediente SSO/206/2022, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Régime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

**3 .- DAR CONTA DA ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN DA REDE EUSUMO PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E IMPULSO DO COOPERTATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE.. .-** Vista a proposta formulada que di así:

A Técnico de Promoción Económica e Programas de Cooperación, en data 20/09/2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI16I0MC que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local
EXPEDIENTE	ASI/32/2022: Subvención da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Dar conta da aceptación de subvención

Con data 04/08/2022 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código ASI16I0JH que di:

“

Con data 04 de agosto de 2022 a Xefa de Organización elevou a esta Alcaldía-Presidencia o informe-proposta que di:

“

TIPO DE DOCUMENTO	Informe-Proposta Resolución
EXPEDIENTE	ASI/32/2022: Subvención da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social
DESTINATARIO	Alcaldía / Servizos Económicos
ASUNTO	Aceptación de subvención

Por resolución de código AS116104U e data 25/02/2022, a Alcaldesa-Presidenta deste Concello aprobou a solicitude, á Consellería de Emprego e Igualdade, da subvención da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, por importe de 26.420,00 €, que supoñía o 80,00 % do orzamento estimado do proxecto segundo o plan de financiamento provisional que obra no expediente. De dita resolución deuse conta á Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria de data 10 de marzo de 2022.

O pasado 21/07/2022 e a través da plataforma notifica.gal, a Consellería de Emprego e Igualdade notificou a este Concello a concesión da seguinte subvención:

Acción	Puntos	Axuda solicitada 2022	Axuda solicitada 2023	Axuda Aprobada 2022	Axuda aprobada 2023	Causa de minoración
CURSO ONLINE INICIACIÓN A COOPERATIVA	16	0,00	3000,00	0,00	3000,00	
XORNADA ECONOMÍA SOCIAL E EMPRENDEMENTO	14	1210,00	1210,00	1000,00	0,00	A axuda máxima é de 200 € por hora de duración efectiva para a primeira edición das actividades e 150 € hora para as segundas e sucesivas edicións
			<b>Total</b>	<b>1000,00</b>	<b>3000,00</b>	

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. [...] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.

Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de aceptación de subvención na Xunta de Goberno Local, ao non existir no mes de agosto sesións ordinarias deste órgano colexiado, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aceptación e do acto de avocación.

- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2022. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión [...] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola

Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito por xeración. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI1610JD.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe eleva a Alcaldía-Presidencia a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO:** Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de aceptación de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado nese acordo.

**SEGUNDO:** Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo (que aquí se amosa resumido) para a subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI1610JD:

PROXECTO	ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E IMPULSO DO COOPERATIVISMO E A ECONOMÍA SOCIAL		
Importe total			8.566,27 €
Importe concedido			4.000,00 €
Achega municipal			4.566,27 €
Aplicación orzamentaria	4330 22799	Promoción Económica – Outros traballos empresas e Profesionais	1.826,85 €
	9120/12004	Soldos grupo C2 .....	751,04 €
	9120/12006	Trienios .....	188,98 €
	9120/12100	Complem. destino .....	382,31 €
	9120/12101	Complem. específico .....	585,08 €
	9120/15000	Produtividade .....	101,77 €
	9120/16000	Seguridade Social .....	730,24 €
		Suma ....	2.739,42 €

**SEGUNDO:** Aceptar da Consellería de Emprego e Igualdade a subvención para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, por un importe de **4.000,00 €**.

“

Visto dito informe e logo do informe de conformidade da Intervención deste Concello (documento adxunto de código INT16113J), código do proxecto: 2022 3 00000 83, esta Alcaldesa

**R E S O L V E**

**PRIMEIRO:** Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

“

En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:

Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.

“



Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I0BQ, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

#### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a xuntanza, sendo as 13:55 horas da data indicada na cabeceira, en proba de todo o que se estende a presente acta que é asinada pola Sra. alcaldesa comigo o secretario xeral que DÁ FE.

V. e pr.

F\_FIRMA\_96

F\_FIRMA\_4